

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA**

RESOLUCIÓN do 22 de outubro de 2019 pola que se modifica a Resolución do 26 de decembro de 2018, da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019.

O 6 de febreiro de 2019, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria publicou a Resolución do 26 de decembro de 2018 (DOG núm. 26, do 6 de febreiro de 2019) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019.

No punto 2 do artigo 21 da convocatoria establécese que as entidades beneficiarias terán ata o 1 de outubro para presentar a documentación xustificativa da subvención na anualidade 2019.

O punto 2 do artigo 21 foi modificado pola Resolución do 19 de setembro, ampliando ata o 1 de novembro de 2019 o prazo para executar e xustificar estas axudas na primeira anualidade. Tendo en conta que a resolución destas axudas non se produciu no prazo indicado no artigo 17 das bases reguladoras, motivada polo elevado número de solicitudes e o longo proceso de avaliación e resolución, co fin de facer viables os procesos de execución e xustificación dos investimentos, sen que con iso se cause prexuízo a terceiros, considérase necesario ampliar o prazo de xustificación.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

CVE-DOG: uv6sxti6-ag23-vhs6-p9q5-ihh14uhyw4w3



DISPOÑO:**Artigo 1. *Ampliación do prazo de execución e xustificación***

Amplíase ata o 15 de novembro de 2019 (incluído) o prazo para executar e xustificar estas axudas na primeira anualidade.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Manuel Rodríguez Vázquez
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

CVE-DOG: uv6sxti6-ag23-vhs6-p9q5-ihh14uhyw4w3

